



Avisos

* O horario de atención ao público do Concello de Boimorto será a partir do mes de marzo: Luns a Venres de 9:00 a 15:00 horas e Sábado de 10:00 a 12:00. Permanecendo pechado o mércores pola tarde.

* Debido a que na nosa zona se están a despregar as redes 4G por parte de moitas das compañías telefónicas pódense producir interferencias coa recepción do sinal da Televisión. No caso de que nestes últimos días detectara problemas coa recepción do sinal de TV pode poñerse en contacto co teléfono 900 833 999 onde lle comentaran os trámites a realizar para que lle veñan solucionar este problema.

Magreco 2016

* A edición 2016 de MAGRECO foi un gran éxito tanto de público coma de expositores. A gran aposta que moitos dos expositores de maquinaria a fixeron por esta feira conseguiu que a finca da maquinaria estivera completa. E que dicir da xente do polideportivo, haymas, carpa D'nosa Terra,... unha gran labor con stands moi elaborados e fermosos. Desde o Concello queremos agradecerlle a súa labor aos expositores, as persoas que nos cederon as fincas, a colaboración dos Santiaguíños tanto na inauguración como con material, aos membros do CPI Armando Cotarelo que nos cederon instalacións e materiais e todos os/as veciños/as e colaboradores que fixeron posible esta feira.

Esta feira estase a consolidar como unha cita importante para o sector xa que como se veu este ano pese ao mal tempo tivemos unha moi boa acollida de público e as opinións vertidas tanto por expositores como por visitantes son moi positivas.

Voluntariado 2016

* Un ano máis o concello pon en funcionamento o voluntariado 2016. Os que queiran participar poden anotarse no concello antes do 15 de abril.

As actividades estarán relacionadas co Camiño de Santiago e este ano poderán participar persoas voluntarias que xa colaboraran como voluntarias en convocatorias anteriores.

Requisito: idade entre 16 e 30 anos. Unha vez rematado recibirán un diploma acreditativo da Xunta de Galicia da súa actividade como voluntario/a.

Para máis información sobre horarios, subvención, actividades concretas a realizar... preguntar no concello.

Omix Boimorto

* Lembramos que no Concello se pode tramitar o Carné Xove, co que obtén descontos e vantaxes das entidades colaboradoras. Este carné ten validez de 2 anos, polo que as persoas que o tramitaron poden pasar a renovalo.

Centro de Maires

* EXCURSIÓN AS PÍAS: O luns 16 de maio excursión ás Pías. Desde o centro de maiores sairemos cara ás Pías para asistir a unha misa e despois quedaremos a xantar en Casa Tato. Todo polo prezo de 10 euros. Anotarse no Centro de Maires 981516520 antes do día 10 de maio.

Cultura

* **Excursión ó Santuario de Fátima (Portugal)** os días 18 e 19 de maio de 2016. Itinerario:

- Mércores 18 de maio: 08:30 Saída do Campo do Rosario de Boimorto, parada para almorzo, visita o santuario Bom Jesus - Braga, xantar en Saameiro. Chegada o Hotel , Fátima -Visita ó Santuario de Fátima (Capeliña + 2 Basílicas) - Misa en español na Capeliña das Aparicións - Rosario e procesión- Cea no hotel e aloxamento en habitacións dobres.

- Xoves 19 de maio: Visita a Basílica - Visita ós Valiños, Loca do Anjo e casas dos Pastoriños - Xantar no hotel - saída cara Boimorto - parada para café e chegada a Boimorto.

O prazo de inscrición remata o 15 de abril debido a que os hoteis precisan confirmar as reservas cun mes de anterioridade. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto. O mínimo de participantes será 35 e ata un máximo de 50. As prazas son limitadas, iranse cubrindo por orde de inscrición, é obrigatorio facer o pagamento no momento de inscribirse.

PREZO: Maiores de 12 anos: 50€ Menores de 12 anos: 40€

Anotarse no Concello ou no Centro Social Municipal de Maiores. Máis información 981516520

* **Curso de Informática Iniciación**: A partires da primeira semana de abril os 2 grupos do curso de informática comezaran as súas clases nos seguintes horarios: Martes e Xoves o **grupo 1** de 10:30 h. a 12:00 h. e o **grupo 2** de 18:00 h. a 19:30 h. Os Contidos do curso son: sistema operativo Windows, Correo electrónico, redes sociais, internet,... O curso é gratuíto e desenvolverase ao longo dos meses de abril, maio e xuño.

Deportes

* **Gala Patinaxe Concello de Curtis**: o sábado 16 os rapaces da escola municipal de patinaxe participarán nesta gala. A recepción dos participantes será ás 16:00 horas para comezar coa actividade ás 16:30. A hora estimada de entrega de premios é ás 18:30. O regreso será entre ás 19:15 e 19:30 horas.

* **Liga intermunicipal de fútbol sala**: o concello está representado nesta liga cos equipos infantil, cadete e feminino. Neste mes o calendario ofrece os seguintes enfrontamentos: Boimorto vs Curtis o venres 1 ás 17:00 horas; Frades vs Boimorto o 8 de abril; Boimorto vs Ordes o sábado 16 de abril a partir das 10:00 horas; Touro vs Boimorto o 22-23 de abril.

* **Fase intercomarcal de bádminton**: o sábado 23 a partir das 10:00 da mañá celebrarase no pavillón as eliminatorias que resolverán que deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete que nos representarán no campionato provincial en maio.

Servizos Sociais

* No DOG nº 53 do 17 de marzo publícase a orde do 8 de marzo de 2016 pola que se convocan axudas individuais para persoas con discapacidade, destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal e á adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal.

Posen ser beneficiarios aqueles que cumplan algún dos seguintes requisitos:

- * Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33% e que a súa capacidade económica non supere os 2.130,04€
- * Ser pensionistas da seguridade social cunha pensión de incapacidade permanente en grado total, absoluta ou gran invalidez e que a súa capacidade económica non supere os 2.130,04€
- * Ser pensionista de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade e que a súa capacidade económica non supere os 2.130,04€

TIPOS DE AXUDAS: Para sufragar gastos de fisioterapia, podoloxía, estimulación cognitiva, atención psiquiátrica, rehabilitación psicosocial, atención pedagóxica, atención psicolóxica, transporte adaptado, servizo de asistente persoal.....

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN: SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO ATA O 17 DE MAIO.

Punto Atención á Infancia

* O prazo para a renovación de matrícula dos nenos que xa están acudindo ao PAI hai que tramitala no período que vai dende o 14 de marzo ao 30 de xuño (ámbolos dous incluídos). No caso de **novas matriculacións**, poden anotarse dende o 14 de marzo ata o último día hábil do mes de xullo.